

VIERNES, 10 de junio de 2011

EPISODIOS GALEGOS | LUCES

A desaparición dos vagalumes

MANUEL RIVAS | 10 JUN 2011

Unha das máis fermosas prearias da historia da palabra en Galicia é A oración do sapo, de Aquilino Iglesia Alvariño. Alí onde aparece o máis sutil dos camiños: o carreiro de vagalumes. Ese carreiro responde a unha imaxe ou lembranza real. Témolo visto. Existe! Ou existía? Mais tamén, tal como poetiza Aquilino, é un trazo sagrado que atravesa os tempos. Todo bo poema ten algo de oración, a palabra que ilumina e enigmatiza a un tempo, a faísca no berce negro da noite. A palabra que gabea polas súas ruínas silenciosas, que se soergue, apoia en si mesma, e dende alí, no cumio da conciencia, dá voz a ese ser que nós somos e que Píndaro retratou para sempre nun verso que é tamén o mellor pictograma do ser humano: "A sombra dun soño".

Un ten a sensación de asistir agora a un fin de ciclo histórico, tamén no imaxinario de moita xente

Aquilino, que era lugués de Seivane, Abadín, nado en 1909, e Píndaro, que era Cinocéfalos, Beocia, aló polo 518 a. C., teñen esa compensación dos poetas. O poder conversar por riba do tempo e da morte. E así, podemos construír un mesmo poema no que o irónico sapo, a sombra dun soño, albisca a utopía posíbel dun carreiro de vagalumes.

Hai unha escolma poética sobre o vagalume, obra de Xesús Alonso Montero. Un libriño, co tamaño dunha caixa de mixtos de vagón, que é tamén un pequeno tesouro, pois nel recóllense as ducias de sinónimos do pequeno coleóptero, o lampyris nocticula, un auténtico verbívoro, filólogo vadío, fecundador de nomes e metáforas.

A versión máis coñecida da Oración do Sapo é a que aparece en Cómáros verdes (a que eu teño a man procede da Poesía galega completa, de Xerais, de 1986, fixada en 1947), di así na estrofa que hoxe máis nos interesa: "Dainos, Señor, / un alpendre de sombra e de luar / para cantar. / E un carreiriño de vagalumes / polas hortas vizosas do teu reino". Hai outra versión máis antiga que Antón Capelán Rei recolleu do xornal El Pueblo Gallego, publicada en 1935, e que cómpre lembrar: "Da-nos, Señor, / un buraquiño de sombra, e noite, e luar, / e un carreiriño de vagalumes / pol-as hortas vizosas do teu reino...!". A diferenza está nas presenzas substantivas de "buraquiño" (que na canónica será "alpendre") e de "noite".

Buraco e noite, xuntas, crean unha imaxe forte. Para nós, cun sentido histórico. Mesmo o carreiro de vagalumes abriría un buraco na noite. Para min os vagalumes son tamén unha obsesión. En parte herdada por esta tradición poética e popular. En parte, vivida. Nos valados dos camiños de Castro de Elviña había moitos vagalumes e poñelos na man, soste aquela lanterna a un tempo miúda e cósmica, era un acto que, nós, nenos, ignorantes de Aquilino de Abuín e Píndaro de Cinocéfalos, xa intuimos que o daquel bichiño electromagnético era un asunto que se nos ía xustamente das mans. Cando lin A póla dourada, de Frazer, e no estudo referente ás "almas externadas", onde falaba das culturas onde a xente gardaba ou pousaba a alma para protexela do perigo, pois o primeiro que me veu á cabeza foron os vagalumes. Mais a historia cambia e o vagalume non é un

lugar seguro para gardar un alma. Mellor pousala nunha motoserra ou algo así.

Foi Pier Paolo Pasolini quen recorreu ao sucedido cos vagalumes para facer unha das máis perturbadoras lecturas da historia contemporánea. O texto aparece en Escritos corsarios (publicado en castelán por Ediciones del Oriente y del Mediterráneo, 2009, en tradución de Juan Vivanco) co título El artículo de las luciérnagas, e que aparecera no xornal Corriere della Sera en 1975. As referencias directas, cando se fan, atinxen á Italia e ao réxime da Democracia Cristiana, mais brinca na historia, transcende as circunstancias. Dicar que fala do noso tempo e da Europa de hoxe é pouco dicir. Temos a sensación de ter nas mans algo tan premonitorio como estarrecedor. Outros utilizarían termos económicos e políticos para contar unha inflexión histórica. Pier Paolo Pasolini fálanos dos vagalumes.

O cineasta e poeta que sempre apostou a cabeza no que fixo, describe así a regresión que el percibiu no seu país: "A principios de los años sesenta, debido a la contaminación del aire y, sobre todo, en el campo, debido a la contaminación del agua (los ríos azules y las acequias transparentes), empezaron a desaparecer las luciérnagas. El fenómeno fue fulminante y fulgurante. Al cabo de unos años ya no había luciérnagas. (Ahora son un recuerdo, bastante desolador, del pasado: y un hombre viejo que tenga ese recuerdo no puede reconocerse a sí mismo joven en los nuevos jóvenes, y por lo tanto no puede tener las hermosas añoranzas de antaño.) A ese algo que sucedió hace diez años lo llamaré, pues, "la desaparición de las luciérnagas". E o que vén a continuación é unha análise realmente luminosa dende a perspectiva dun pretérito de futuro.

Penso que tamén nós podemos contar a historia contemporánea a partir do sucedido cos vagalumes. Houbo un intre en que o proceso democrático, malia todos os defectos, era unha obra aberta. Fronte ás posicións conformistas ou reaccionarias, había "un carreiro de vagalumes". Un ten a sensación de asistir agora a un certo fin de ciclo histórico, tamén no imaxinario de moita xente. Chega o que Josep Fontana denomina, no sentido democrático, unha "marea negra". Semella que a contaminación acabou cos vagalumes. E que non fica outra cousa que o sapo a ollar "a sombra do soño". Signo destes tempos é que os implicados por graves casos de corrupción poida tomar posesión alegremente das súas cadeiras de representación e goberno. E mesmo que se fale de novo de compra de votos en procesos electorais. Se cadra non hai que dramatizar e cómpre recorrer á sátira, que é tamén unha ferramenta de resistencia e reanimación.

Foi o primeiro efecto que causou en min a visión e lectura de Cociñando ao pé da letra (Galaxia, 2011), que veñen de publicar Yolanda Castaño, na escrita, e Andrea Costas, nos retratos, co subtítulo explicativo de Entra na literatura galega... ata a cociña. Semella difícil sorprender no eido da literatura gastronómica, pero aquí a sorpresa é sorprendente. Hai retratos, como os de Helena Villar ou Antón Lopo, que xa xustifican o libro. Ou o de Xavier Castro, algo máis que un historiador, erguendo como bandeira unha folla de bacallau, e con esta receita: O bacallau electoral. Un irónico chisco á historia e ao presente.

Xavier sabe moito de viños. E o viño sabe de cantares, como o sapo. E os cantares da dor que alimenta o humor. O canto báquico da dor da terra, así se chama un lied que Gustav Malher compuxo coa letra dun poema orixinal do chinés Li-Tai-Po: "O viño xa saúda dende as douradas copas, / pero aínda non bebedes, que primeiro botarei unha canción!".

Disque Malher era en realidade abstemio. Pois brindemos por el!